

A nosa literatura nun escritor inglés

Salvador Lorenzana

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LORENZANA, SALVADOR (2011 [1956]). “A nosa literatura nun escritor inglés”. *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1956, 10. Re-edición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/756>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LORENZANA, SALVADOR (1956). “A nosa literatura nun escritor inglés”. *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1956, 10.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

A NOSA LITERATURA NUN ESCRITOR INGLES

Por SALVADOR LORENZANA



figura de Aubrey Fitz-Gerald Bell ten pra nós un siñificado entranabre. Era o escritor inglés un espírito culto, sensibre, de rara curiosidade intelectual. Poseía dotes pacentes e analíticas, de fonda erudición. Pero, ademáis, o seu poder de enxuciar, a súa facultade de síntesis, tiña calificado como un dos millores críticos de fala inglesa.

Aubrey F. G. Bell gostaba dos vellos camiños do cabo occidental de Europa. Viviu en Portugal no decurso de longas tempadas; gostaba de vagamundear polos seus campos, misturarse co pobo, recibir díl impresións de primeira man, que recollía na antena da súa sensibilidade depurada. As súas aficións de gran isolado, levárono a unha vida de fosco illamento, sobre das ribeiras do Atlántico, na súa casa de Manique. Edificou logo outra mansión perto de San Xoán de Estoril, onde se afixo á vida civilizada, mantendo un clima de relaciós sociás.

Da estada en terra lusa data o máis abondoso da súa estesa obra: "Poemes from the Portuguesse", "Studies in Portuguesse Literatura", "Some Remarks on the Cantigas de Amigo", "Portuguesse Literature", e moitos outros estudos. A nosa referencia cínguese soio a istes tíduos, porque en todos fíxen cabida a alusión ou o análisis da Galicia literaria.

O escritor británico ten emprestado, nefecto, servicios innegabres á nosa literatura. Os poetas más representativos do renacemento galego, foron traducidos por él, con intelixente fidelidade, ó seu propio idioma. "Portuguesse Literature" é un libro de valeamento, no que enxúcia nidiamente as manifestacións da nosa criación literaria. Hai nistas páxinas unha aguda e fina versión da lírica galega primitiva. Hai tamén un apertado capido adicado ó rexurdimento da época romántica e do tempo moderno. O mesmo autor o xustifica: porque "nembargante ser arrestora completamente independente a língua da que xurdiu o portugués, despois do século XIII, o galego moderno non difire máis do portugués de hoxe que do idioma dos Cancioeiros, co que se estrenou a literatura lusa".

A traveso do estilo zumoso e documentado de Aubrey F. G. Bell, solpréndenos a fonda siñificación cultural do Camiño de Santiago, "des pelerins qui vont chantant et des jongles"; o senso das parodias medievás de aitos do culto, nas que os galegos destacaban como peritos na arte de remediar; a forma como a lírica vai trocándose en cantiga de danza; a siñificativa esencia dunha poesía peculiar...

O crítico inglés comprácese en reiterar o valeamento universal da língua de Galicia nos séculos medios. A seu entender, Alfonso o Sabio escolleuna pra a súa obra poética, non só por ser máis dúctil, sinón porque era más amplamente comprendida, e como o francés "plus commune a toute gens". Pero o rei Alfonso non tiña delicadeza de ouvido pra a música de aquél idioma; e fixo tan mal emprego da súa maleabilidade, que se torna na súa obra tan duro coma o máis duro castelán. Así, as súas cantigas de miragues amosan "estridente contraste coas líricas dos Cancioeiros, escritas na mesma época e na mesma língua".

Sigue Bell, pousada e demoradamente, o proceso áureo da nosa literatura medieval, hasta que esmorece. Sinala despois como, ó longo de catrocentos anos, a fala galega se mantén estrana á criación literaria. Pra o fenómeno do estourido romántico, ten o crítico unha ollada de limpia comprensión. O idioma —di— era suscetible de se anovar como instrumento de expresión literaria; e a personalidade lingüística de Galicia —principalmente na lírica— emprincipia o camiño da súa restauración. Ahí están as primeiras amosas nos poetas menores que abriron o vieiro. Logo, veñen as figuras senlleiras:

O estilo de Rosalía é tan fluínte, tan natural, que ás veces máis semella música que lingua; poucos autores atinguiron ataí perfección de forma, sin o menor artificio. O engado indefinibile dos versos de Pondal está no que hai níñes de recuado, de soave tenrura, de música tristenta; é un verdadeiro bardo celta, fillo do vento e da chuvia; coa autora de "Follas novas", é o poeta máis xenuino que ten producido a Galicia moderna. O que en Lamas Carvajal dá máis valeamento á súa poesía, é que níña é a voz do pobo labrego a que fala; a pesares dos seus defeitos, hai nos seus poemas líricos unha música delicada que os ergue porriba da vulgaridade.

Escribe ainda Bell, con xuicio seguro, sobre a poética de Curros, a de Noriega, Cabanillas e López Abente. Estuda, asimade, a nosa poesía popular, e adevirte que pecha todo o instintivo amor da poesía dos pobos celtas. Frente da obra lírica de Galicia, que ten consultado e interpretado con sagacidade, opina: "A poesía galega será —como dín os seus detraidores— unha música insinuada, incorpórea; unha voz aísla e asubiente como a do vento que zoa nas xunqueiras. Pero ten un engado natural, un carácter de seu, unha atmósfera propia, que lle comunican atraitivos e gozo peculiares".

Nembargante, Aubrey Fitz-Gerald Bell, si admite que o noso idioma é unha fala xurdiamente lírica, reconoce tamén as súas innegabres condicións para a prosa. Após de esaminar a producción por él conocida dos escritores galegos, remata por afirmar que as posibilidades e fermosura da prosa de Galicia teñen sido complidamente demostradas...